

escolas nas ondas!

A Asociación Cultural e Pedagóxica

PONTE...NAS ONDAS! ofrece aos centros educativos da **Eurorrexión** dúas actividades dirixidas ao alumnado e ao profesorado para fomentar a competencia comunicativa a través da expresión oral en novos soportes a través de **Internet** ou das **ondas**. Estas son:



OBRADOIROS PARA O ALUMNADO

A realización de obradoiros de elaboración, gravação e difusión de programas de radio, en formato podcasts, impartidos por un profesional da comunicación. Dun xeito lúdico, traballarase a expresión oral e a creatividade do alumnado, incentivando a creación de radios dixitais on line e canles de podcasts. As inscricóns realizaranse enviando un correo cos datos do centro e do profesor ou profesora a: ondas@pontenasondas.org

Os centros inscritos recibirán información detallada dos obradoiros así como as datas de realización.

PORTAL AUDIOVISUAL

Ponte...nas ondas! prepara un novo portal para *compartir as producións audiovisuais* dos centros educativos de Galiza, Portugal e dos países lusófonos. Trátase dunha **nova ferramenta** que permitirá divulgar as creacións realizadas en galego e portugués, para seren compartidas e proxectadas a través de Internet. No portal divulgaremos producións de audio e video realizadas polo alumnado e profesorado. O seu lanzamento coincidirá coa celebración do **Día Mundial da Radio**, o **13 de febreiro de 2017**.



CURSO ONLINE DE PODCASTS
PARA O PROFESORADO

Neste curso desenvolveranse técnicas de *gravación de son, edición, elaboración de podcasts e subida ás plataformas*. Deseñado para **profesorado**, será impartido por un profesional de Radio Nacional. As persoas interesadas deberán enviar un correo electrónico a ondas@pontenasondas.org

O curso realizarase no segundo trimestre.

Os centros poden enviar xa as súas propostas
ou enlaces a: ondas@pontenasondas.org